

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 28 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

6586 *LEI 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. («BOE» 79, do 2-4-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de reforma da lexislación mercantil española, como consecuencia da necesaria adaptación da nosa lexislación ás directivas comunitarias en materia de sociedades, experimentou un importante avance en 1995, por razóns de obxectivo e premente necesidade. A Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, introduciu unha maior flexibilidade no réxime xurídico deste tipo social, configurándoo como unha sociedade esencialmente cerrada na que conviven en harmonía elementos personalistas e capitalistas, que a fan especialmente aconsellada para pequenas e medianas empresas.

Desde entón, no seo das institucións europeas continuouse traballando na mellora e simplificación das condicións necesarias para a creación de empresas.

O 22 de abril de 1997, a Comisión Europea presentou unha recomendación sobre a mellora e simplificación das condicións para a creación de empresas (97/344/CEE). A recomendación supuxo un importante punto de inflexión, ó insistir ós estados membros sobre a necesidade de simplificar os trámites para a creación de empresas, e deu lugar a outras iniciativas posteriores como a creación pola Comisión Europea, por mandato do Consello Europeo de Amsterdam de 1997, do grupo operativo para a simplificación do contorno empresarial (Grupo BEST). Os traballos do grupo materializáronse na aprobación en abril de 1999 do «Plan de acción para promover o espírito empresarial e a competitividade» (Plan de acción BEST), que reiterou as suxestións incluídas na Recomendación de 1997.

Posteriormente, en marzo de 2000, o Consello Europeo de Lisboa identificou como unha das tarefas que hai que levar a cabo a formación dun contorno que facilite a creación e o desenvolvemento de empresas innovadoras, en particular de PEME.

Na «Carta Europea da Pequena Empresa» (Carta de Feira), adoptada en xuño de 2000 por mandato do Con-

sello Europeo de Lisboa, os estados membros comprometéronse a forxar un marco xurídico e administrativo que propicie a actividade empresarial a través dunha posta en marcha menos custosa e máis rápida, ampliándose as posibilidades de inscrición, en liña, nos rexistros.

A Carta de Feira é o marco político europeo de actuación en favor das PEME e, para a súa execución, o Consello aprobou o «Programa plurianual en favor da empresa e o espírito empresarial, en particular para as PEME», vixente para o período 2001-2005. Precisamente, un dos obxectivos do programa é simplificar e mellora-lo marco administrativo e regulamentario das empresas para favorecer-la súa creación.

En febreiro de 2002, o Parlamento Europeo, mediante Resolución (2002/0079) sobre a estratexia para o pleno emprego e a inclusión social no marco da preparación do Cumio de primavera de 2002, o proceso de Lisboa e o camiño que se ten que seguir, urxiu os estados membros a apoiaren o uso de formularios estándar, así como o uso intensivo das tecnoloxías da información e as comunicacións nos intercambios coas administracións públicas, especialmente nos procedementos de establecemento, rexistro e publicidade da creación de empresas en consonancia coa Carta de Feira.

En febreiro de 2002, a Conferencia de Ministros Europeos de PEME, celebrada en Aranjuez, insistiu na necesidade de establecer fórmulas societarias sinxelas e mellor adaptadas á realidade das empresas máis pequenas.

Así mesmo, incidíuse na necesidade de facer un maior uso das tecnoloxías da información e das comunicacións.

Finalmente, o Consello Europeo de Barcelona renovou e reforzou estes compromisos, insistindo na necesidade de crear un contorno favorable, mellor e máis adaptado á realidade das PEME.

Estas propostas poñen de manifesto a vontade das institucións europeas de remove-los obstáculos administrativos que dificultan ás empresas a súa constitución e o desenvolvemento da súa actividade.

Por último, introdúcense modificacións no Código civil vixente en tres aspectos puntuais nos que se ordenan as relacións entre os membros dunha familia e a sucesión da unidade productiva, para dotala de instrumentos que permitan deseñar, en vida do emprendedor, a sucesión máis adecuada da empresa en tódalas súas posibles configuracións: societarias, empresa individual, etc. Estas modificacións, aplicables exclusivamente ó territorio común, que se rexe polo Código civil, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución española, realízanse atendendo, ademais, a un criterio integrador do ordenamento privado no conxunto das lexislacións civís do Estado.

II

Esta regulación acomete o compromiso de reforza-lo espírito innovador e emprendedor que permita as nosas PEME afrontar os retos que formula o Mercado Único. Do mesmo modo, establece un marco normativo mercantil e administrativo capaz de estimular a actividade empresarial e mellora-la posición competitiva das pequenas e medianas empresas no mercado, dando cumprimento ós compromisos da Carta Europea da pequena empresa.

Estas previsións materialízanse en actuacións que teñen que comezar, precisamente, pola simplificación dos trámites de constitución de empresas e polo emprego da asistencia técnica necesaria para axudalas tanto nos momentos previos á súa constitución, como durante os primeiros anos da súa actividade.

Para iso, esta lei desenvolve o denominado «Proxecto Nova Empresa» que ten por obxecto estimular a creación de novas empresas, especialmente as de pequena e

3

mediana dimensión, que constitúen a columna vertebral da economía española e da europea e son claves na creación de postos de traballo.

Así mesmo, tendo en conta a situación e perspectiva das pequenas e medianas empresas como factores xeradores de riqueza e emprego, e co obxecto de proporcionarlle-las medios suficientes para que poidan desenvolverse, alcanza-lo ámbito internacional e supera-los cambios xeracionais dentro delas, esta lei intenta resolver tres problemas que se identificaron na maioría das nosas empresas: as dificultades de financiamento, a perda do control da xestión polos socios que teñen a maioría e os problemas de supervivencia da sociedade, derivados da sucesión xeracional.

Neste aspecto, modifícase a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, para permitir, por unha parte, a emisión de participacións sen voto e, por outra, posibilita-la adquisición e tenza temporal pola sociedade das súas propias participacións sociais.

Por último, introdúcense transformacións na lexislación civil vixente naqueles preceptos nos que se ordenan as relacións entre os membros dunha familia e a sucesión da unidade productiva para dotala de instrumentos que permitan deseñar, en vida do emprendedor, a sucesión máis adecuada da empresa en tódalas súas posibles configuracións: societarias, empresa individual, etc. Estas modificacións realízanse atendendo, ademais, a un criterio integrador do ordenamento privado no conxunto das lexislacións civís do Estado.

III

O impulso á creación de empresas ten que basearse na resolución de todos aqueles problemas que supoñen unha importante barreira para os emprendedores que deciden iniciar unha actividade empresarial. Con este fin, o proxecto Nova Empresa fundaméntase en tres elementos esenciais: o Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), o réxime xurídico da Nova Empresa e o sistema de contabilidade simplificada.

O Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE) concíbese como unha rede de puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT), nos que se asesora e se prestan servizos ós emprendedores, tanto na xestión, tramitación administrativa e posta en marcha das súas iniciativas empresariais como durante os primeiros anos de actividade delas.

Mediante esta rede, preténdense conseguir dous dos obxectivos do proxecto Nova Empresa: a creación dunha infraestrutura de centros de asesoramento, información e servizos, accesible desde todo o territorio nacional a través da internet, e a constitución dunha rede de creación de empresas que lles facilite ó máximo ós empresarios a posta en marcha das súas iniciativas empresariais.

Co obxectivo de axilizar ó máximo os trámites administrativos necesarios para a constitución e posta en marcha das empresas, o proxecto considera a posibilidade de realízalos por medios telemáticos. Para tal efecto, defínese o documento único electrónico como elemento básico para realizar telematicamente os trámites antes mencionados. O documento único electrónico é un instrumento que presenta dous aspectos fundamentais e innovadores no noso ordenamento xurídico. Por un lado, o seu carácter integrador e, por outro, a súa natureza electrónico-telemática.

O carácter integrador do documento único electrónico devén da necesaria simplificación dos trámites e formularios administrativos e materialízase na inclusión, nun só documento administrativo, de tódolos datos requiridos para a realización efectiva dos trámites antes mencionados.

A súa natureza electrónico-telemática deriva da necesidade de utiliza-las novas tecnoloxías da información e das comunicacións para facer posible a axilización dos procedementos administrativos no ámbito da creación de empresas.

Para garanti-la seguridade xurídica, a norma susténtase na lexislación reguladora da utilización da sinatura electrónica, tanto nas relacións entre as administracións públicas e os cidadáns como entre estas e os notarios e rexistradores mercantís, sempre no ámbito da súa respectiva competencia e por razón de seu oficio.

Todos estes elementos contribuirán a facer posible a constitución da Nova Empresa en tempos substancialmente inferiores ós actualmente requiridos.

IV

A necesaria simplificación do cumprimento das obrigas contables das sociedades aconsella a implantación dun modelo de contabilidade simplificada acorde coas características da Nova Empresa.

Este modelo, que permitirá a formalización das obrigas contables mediante un rexistro único, estará baseado na levanza do libro diario, de tal modo que se favoreza a composición inmediata das partidas que hai que cubrir nos modelos de contas anuais abreviadas sen que sexan necesarios documentos contables adicionais.

V

Polo que respecta ó réxime xurídico da Nova Empresa, debe partirse dunha expresión simplificada da sociedade de responsabilidade limitada regulada na Lei 2/1995, do 23 de marzo. En coherencia con esta formulación, a técnica lexislativa adoptada é a de engadir un novo capítulo, o XII, á mencionada lei. Neste capítulo regúlanse tódalas singularidades da Nova Empresa, que se rexe, polo demais, polas disposicións do réxime xurídico das sociedades de responsabilidade limitada.

Para a inscrición de tódolos actos concernentes á Nova Empresa, créanse subseccións especiais nos rexistros mercantís central e provinciais. Estes requisitos rexistrais dan cumprida satisfacción ás esixencias de publicidade requiridas polo noso ordenamento xurídico e polas diversas recomendacións realizadas para o efecto pola Unión Europea.

VI

Esta regulación, mediante un artigo único con cinco puntos, modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada; estas modificacións teñen o seu fundamento constitucional no artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución, tal e como se establece na disposición derradeira cuarta desta lei.

O punto primeiro do artigo único engádelle á referida lei un novo capítulo XII, integrado por sete seccións e quince artigos, do 130 ó 144, ambos inclusive.

O artigo 131 regula unha nova forma de denominación social. A súa singularidade permite un abaratamento dos custos implícitos, así como do tempo necesario para obtela. O código alfanumérico incluído nela garante que esta sexa única e inequívoca.

O artigo 132 regula o obxecto social. A configuración xurídica del é outro dos elementos innovadores do réxime xurídico da Nova Empresa. Establécese un obxecto social amplo e de carácter xenérico, a función do cal non é outra cá de permitir unha maior flexibilidade para o desenvolvemento de actividades económicas diferentes, sen necesidade de ter que acudir a continuas modificacións estatutarias. Esta decisión obedece a unha realidade constatable, que non é outra cá do carácter cam-

biante dos pequenos negocios durante os seus primeiros anos de actividade. Ademais, un obxecto social así definido permite facilita-la cualificación e inscrición da escritura de constitución da Nova Empresa.

No artigo 133, a característica diferenciadora é o establecemento dun «*numerus clausus ab initio*». Así, a Nova Empresa só poderá ser constituída por cinco socios que, ademais, han de ser persoas físicas, para o que se tivo en conta o número e a calidade dos socios que, xeralmente, constitúen as sociedades máis pequenas.

A sección 2.^a do novo capítulo XII regula o procedemento e os requisitos de constitución da Nova Empresa que, seguindo a tradición do noso ordenamento xurídico e en prol da seguridade xurídica requirida polo mercado, esixe o outorgamento en escritura pública e a súa posterior inscrición no Rexistro Mercantil.

Incorpóranse así as tecnoloxías da información e das comunicacións ó ámbito notarial e rexistral, nos termos das súas lexislacións específicas, cos beneficios que iso comporta en termos de redución de tempos e custos implícitos, tanto para estas dúas profesións como para os emprendedores. A incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas no ámbito da seguridade xurídica preventiva foron recollidas na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, circunstancia esta que é tida en conta e aproveitada pola regulación da Nova Empresa.

Non embargante, sempre queda aberta a vía da tramitación presencial á que poderán acudir, se así o desexan, os socios fundadores ou os seus representantes, establecéndose neste caso os mesmos prazos de resposta de notarios e rexistradores na constitución da sociedade.

Na sección 3.^a, artigos 135 a 137, ambos inclusive, establécense as cifras mínima e máxima de capital social, así como o réxime xurídico das participacións sociais. Polo que respecta á primeira cuestión, optouse por manter a cifra mínima de capital social establecida para as sociedades de responsabilidade limitada.

Prescindiuse do libro rexistro de socios, establecéndose un réxime de notificacións cando se constituán dereitos reais limitados sobre as participacións sociais.

A sección 4.^a regula os órganos sociais, caracterizados pola súa extrema sinxeleza, facilitándolles ós socios o goberno da sociedade.

Na sección 5.^a establécense os supostos de modificacións estatutarias que, en coherencia co carácter cerrado da sociedade, se limitan á denominación, domicilio e capital social.

Na sección 6.^a, seguindo as pautas da simplificación administrativa, ábrese a vía para establecer modelos simplificados de presentación de contas ante os diferentes organismos.

A sección 7.^a establece o réxime xurídico da disolución e transformación da sociedade, que ten como principal novidade que os socios poderán continuar as súas operacións baixo o réxime xeral da sociedade de responsabilidade limitada. Para iso, só se requirirá o acordo da xunta xeral e a necesaria modificación estatutaria.

No tocante ó punto segundo do artigo único, na nova disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, defínese o documento único electrónico como o instrumento que permite a realización telemática dos trámites de constitución da sociedade, así como aqueles outros que se esixen para o inicio da actividade. Así mesmo, defínense os puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT). Estes integraranse nos centros de información e rede de creación de empresas (CIRCE), á que poderán adherirse aqueles organismos, pertencentes ou non ás administracións públicas, relacionados coa creación de empresas.

Desenvolveranse nunha norma posterior as condicións de adhesión á rede CIRCE, as características e mecanismos de garantía da calidade dos servizos que esta vai ofrecer, así como as especificacións técnicas necesarias para conectarse a ela, tanto desde o punto de vista da tramitación telemática como do asesoramento ás empresas.

A disposición adicional novena prevé a necesaria colaboración social de notarios, rexistradores mercantís e outros profesionais colexiados coas administracións públicas para que poidan operar en nome e representación de terceiros.

A disposición adicional décima establece o sistema de recursos contra a cualificación da escritura de constitución da Nova Empresa, para o que se remite ó disposto nos artigos 322 a 329 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946. Estes artigos foron modificados pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. A novidade radica en que os seus prazos de resolución serán, neste caso, de 45 días.

Nesta mesma disposición adicional prevese a aprobación duns estatutos sociais orientativos por orde do Ministerio de Xustiza.

As disposicións adicionais undécima e duodécima regulan a modificación do réxime disciplinario de notarios e rexistradores, así como un réxime de contabilidade simplificado.

Por último, a disposición adicional décimo terceira establece as medidas fiscais aplicables á sociedade limitada Nova Empresa.

O punto terceiro do artigo único modifica os artigos 29, 32, 40, 97, 101 e 102 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. O punto cuarto introduce os novos artigos 40 bis e 40 ter da mencionada lei e, finalmente, o punto quinto incorpora unha nova sección 5.^a ó capítulo IV da antedita lei, integrada por un único artigo 42 bis.

A disposición adicional primeira modifica o punto 4 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

A disposición adicional segunda leva a cabo unha modificación do artigo 10 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, na redacción dada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O texto conclúe con cinco disposicións derradeiras. A primeira modifica os artigos 1056, parágrafo segundo; 1271, parágrafo segundo, e 1406.2.^o do Código civil. As catro restantes fixan a habilitación ó Goberno para o posterior desenvolvemento do texto legal e outras modificacións e desenvolvementos regulamentarios, o informe sobre a aplicación da lei, o seu fundamento constitucional e a súa entrada en vigor.

Artigo único. *Modificación da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

Primeiro.

Engádese un novo capítulo XII á Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, composto por sete seccións e 15 artigos, do 130 ó 144, ambos inclusive:

«CAPÍTULO XII

Sociedade Nova Empresa

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 130. *Réxime xurídico.*

A sociedade Nova Empresa regúlase por este capítulo como especialidade da sociedade de responsabilidade limitada.

Artigo 131. *Denominación.*

1. A denominación social estará formada polos dous apelidos e o nome dun dos socios fundadores seguidos dun código alfanumérico que permita a identificación da sociedade de maneira única e inequívoca.

2. Por orde do ministro de Economía regularase o procedemento de asignación do código a que se refire o punto anterior.

3. Na denominación da compañía deberá figurar necesariamente a indicación "Sociedade Limitada Nova Empresa" ou a súa abreviatura "SLNE".

4. A denominación social incorporarase inmediatamente a unha subsección especial da Sección de Denominacións do Rexistro Mercantil Central, quedando constancia diso na correspondente certificación que se expida. As certificacións acreditativas da denominación da sociedade Nova Empresa poderaas pedir, indistintamente, un socio ou un terceiro no seu nome. O beneficiario ou interesado a favor de quen se expida a certificación coincidirá necesariamente co socio fundador que figura na expresada denominación.

Artigo 132. *Obxecto social.*

1. A sociedade Nova Empresa terá como obxecto social todas ou algunha das seguintes actividades, que se transcribirán literalmente nos estatutos: a actividade agrícola; gandeira; forestal; pesqueira; industrial; de construción; comercial; turística; de transportes; de comunicacións; de intermediación; de profesionais ou de servizos en xeral.

2. Ademais, os socios fundadores poderán incluír no obxecto social calquera actividade singular distinta das anteriores. Neste caso, se a inclusión da dita actividade singular dese lugar a unha cualificación negativa do rexistrador mercantil da escritura de constitución da sociedade, non se paralizará a súa inscrición, que se practicará, sen a actividade singular en cuestión, na forma e prazos establecidos no artigo 134, sempre que os socios fundadores o consintan expresamente na propia escritura de constitución ou con posterioridade a ela.

3. En ningún caso poderán incluírse no obxecto social aquelas actividades para as cales se esixa forma de sociedade anónima nin aquelas cun exercicio que implique obxecto único e exclusivo.

4. Non poderán adoptar esta forma social aquelas sociedades ás que resulte de aplicación o réxime das sociedades patrimoniais regulado no capítulo VI do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Artigo 133. *Requisitos subxectivos e unipersonalidade.*

1. Só poderán ser socios da sociedade Nova Empresa as persoas físicas. O tempo da constitución, os socios non poderán supera-lo número de cinco.

2. Non poderán constituír nin adquiri-la condición de socio único dunha sociedade Nova Empresa os que xa teñan a condición de socios únicos doutra sociedade Nova Empresa. Para tal efecto, na escritura de constitución da sociedade Nova Empresa unipersoal ou na escritura de adquisición de tal carácter o socio único fará constar que non ten a mesma condición noutra sociedade Nova Empresa.

A declaración de unipersonalidade poderase facer, se é o caso, na mesma escritura da que resulte a dita situación.

SECCIÓN 2.^a REQUISITOS CONSTITUTIVOSArtigo 134. *Constitución da sociedade.*

1. A sociedade Nova Empresa requirirá para a súa válida constitución escritura pública que se inscribira no Rexistro Mercantil correspondente ó seu domicilio. Coa inscrición adquirirá a sociedade Nova Empresa a súa personalidade xurídica.

Na escritura de constitución poderanse incluír pactos e condicións que os socios teñan por conveniente, sempre que non contraveñan o previsto neste capítulo.

2. Os trámites necesarios para o outorgamento e inscrición da escritura de constitución da sociedade Nova Empresa poderán realizarse a través de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, caso no que se seguirá o disposto neste artigo e nas demais normas que resulten de aplicación, en particular as que regulan o emprego das ditas técnicas polos notarios, os rexistradores e as administracións públicas.

No relativo á remisión telemática ó Rexistro Mercantil da copia autorizada da escritura de constitución da sociedade, só poderá ser realizada polo notario, de conformidade co establecido na lexislación sobre a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas á seguridade xurídica preventiva, así como, se é o caso, a outros rexistros ou administracións públicas, cando iso sexa necesario.

As remisións e notificacións a que se fai referencia neste artigo que realicen os notarios e os rexistradores mercantís, serano amparadas con sinatura electrónica avanzada, de acordo co establecido pola súa lexislación específica.

3. Malia o disposto no punto anterior, os socios fundadores poderán, con carácter previo ó outorgamento da escritura de constitución, eximi-lo notario que a vaia autorizar das obrigas que se establecen neste artigo e designar un representante para a realización dos trámites conducentes á constitución da sociedade conforme as regras xerais ou expresa-la súa vontade de facelo por si mesmos. Neste suposto, o notario deberá expedi-la primeira copia autorizada en soporte papel nun prazo non superior a 24 horas, computado desde a autorización da escritura de constitución da sociedade.

4. O notario que vaia autoriza-la escritura de constitución da sociedade comprobará, de conformidade coa lexislación rexistral, que non existe ningunha denominación social anterior idéntica á da sociedade que se pretende constituír. Unha vez efectuada a comprobación anterior, procederá de maneira inmediata ó seu outorgamento.

5. Unha vez autorizada a escritura, o notario remitirállela de maneira inmediata, xunto co documento único electrónico, ás administracións tributarias competentes para a obtención do número de identificación fiscal da sociedade; presentará, se é o caso e de conformidade co disposto pola lexislación tributaria, a autoliquidación do imposto que grave o acto e remitirá a copia autorizada para a súa inscrición no Rexistro Mercantil.

6. Calquera que sexa a forma de tramitación, e sempre que se utilicen os estatutos sociais a que se refire o punto segundo da disposición adicional décima, o rexistrador mercantil deberá cualificar e inscribir, se é o caso, a escritura de constitución no prazo máximo de 24 horas, contado a partir do momento do asento de presentación ou, se tivese defectos emendables, desde o momento de presentación dos documentos de emenda. A inscrición

practicarase nunha sección especial creada para tal efecto.

7. No caso de que o rexistrador mercantil cualifícase negativamente o título presentado, farallo saber ó notario autorizante da escritura de constitución e, se é o caso, ó representante que, para tal efecto, os socios fundadores designasen nela, dentro das 24 horas seguintes á presentación. Así mesmo, notificarállelo ás administracións tributarias competentes.

8. Se a natureza da falta apreciada permitise, consonte a lexislación notarial, a súa emenda de oficio polo notario e este estivese de acordo coa cualificación, procederá á súa emenda no prazo máximo de 24 horas, computado desde o momento da notificación da cualificación do rexistrador mercantil, dando conta da emenda ós socios fundadores ou ós seus representantes.

9. Inmediatamente despois de practicala inscrición, o rexistrador mercantil notificaralle ó notario autorizante os datos rexistrados para a súa constatación na escritura matriz e nas copias que expida, e remitirlle a parte correspondente do documento único electrónico á que terá incorporado os datos rexistrados da sociedade.

10. O notario deberá expedir a copia autorizada en soporte papel da escritura de constitución da sociedade nun prazo non superior a 24 horas, computado desde a notificación dos datos rexistrados polo rexistrador mercantil. Nela deberá deixar constancia do número de identificación fiscal da sociedade e da remisión da copia da escritura de constitución e do documento único electrónico ás administracións tributarias competentes, para que estas procedan a enviárlle-lo número de identificación fiscal definitivo da sociedade ós socios fundadores. Do mesmo modo, por petición dos socios fundadores, procederá á remisión dos documentos necesarios para o cumprimento das obrigas en materia de seguridade social, de acordo co disposto na súa lexislación específica.

11. Inscrita a sociedade, o rexistrador mercantil transmitiralle ó Rexistro Mercantil Central os datos concernentes ós actos sociais da sociedade na forma e prazos regulamentariamente establecidos. Así mesmo, e por petición dos socios fundadores ou dos seus representantes, realizará as demais comunicacións que lle sexan requiridas.

SECCIÓN 3.^a CAPITAL SOCIAL E PARTICIPACIÓNS SOCIAIS

Artigo 135. *Capital social.*

1. O capital social da sociedade Nova Empresa non poderá ser inferior a tres mil doce euros nin superior a cento vinte mil douscentos dous euros.

2. En todo caso, a cifra de capital mínimo indicada só poderá ser desembolsada mediante achegas de diñeiro.

Artigo 136. *Transmisión das participacións sociais.*

1. A transmisión voluntaria por actos "inter vivos" de participacións sociais só poderá facerse a favor de persoas físicas e estará sometida ás normas que, para ela, se establecen nesta lei.

2. Como consecuencia do réxime de transmisión previsto neste artigo poderá superarse o número de cinco socios.

3. En todo caso, se como consecuencia da transmisión adquirisen persoas xurídicas participacións sociais, deberán ser alleadas a favor de persoas físicas no prazo de tres meses, contados desde

a adquisición; en caso contrario, a sociedade Nova Empresa quedará sometida á normativa xeral da sociedade de responsabilidade limitada, sen prexuízo da responsabilidade dos administradores de non adoptarse para iso o correspondente acordo nos termos previstos no artigo 144 desta lei.

Artigo 137. *Acreditación da condición de socio.*

1. Non será precisa a levanza do libro rexistro de socios, acreditándose a condición de socio mediante o documento público no que se adquirise aquela.

2. A constitución de dereitos reais limitados sobre participacións sociais deberá notificárselle ó órgano de administración mediante a remisión do documento público no que figure.

3. O órgano de administración deberalles notificar ós restantes socios a transmisión, constitución de dereitos reais ou o embargo de participacións sociais tan pronto como teña coñecemento de que se producen, sendo responsable dos prexuízos que o incumprimento desta obriga poida deparar.

SECCIÓN 4.^a ÓRGANOS SOCIAIS

Artigo 138. *Xunta xeral.*

A xunta xeral rexerese polo disposto nesta lei, e poderase convocar de acordo co que nela se dispón e, ademais, mediante correo certificado con xustificante de recepción ó domicilio sinalado para tal efecto polos socios, por procedementos telemáticos que fagan posible ó socio o coñecemento da convocatoria, a través da acreditación que dea fe do envío da mensaxe electrónica da convocatoria ou polo xustificante de recepción do socio. Nestes supostos, non será necesario o anuncio no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" nin en ningún dos diarios de maior circulación do termo municipal en que estea situado o domicilio social.

Artigo 139. *Órgano de administración.*

1. A administración poderá confiarse a un órgano unipersonal ou a un órgano pluripersonal, os membros do cal actuarán solidaria ou mancomunadamente. Cando a administración se atribúa a un órgano pluripersonal, en ningún caso adoptará a forma e o réxime de funcionamento dun consello de administración.

2. A representación da sociedade e a certificación dos acordos sociais corresponderá, en caso de existir un administrador único, a este; en caso de existiren varios administradores solidarios, a un calquera deles; e no suposto de existiren varios administradores mancomunados, a dous calquera deles.

3. Para ser nomeado administrador requirírase a condición de socio e poderá ser un cargo retribuído na forma e contía que decida a xunta xeral.

4. Os administradores exercerán o seu cargo por tempo indefinido. Non embargante, poderá nomearse administrador por un período determinado mediante acordo da xunta xeral posterior á constitución da sociedade.

5. A remoción do cargo de administrador requirirá acordo da xunta xeral, que poderá ser adoptado, aínda que non figure na orde do día da reunión, por maioría, de conformidade co previsto no artigo 53.1, sen que os estatutos poidan esixir unha maioría superior ós dous tercios dos votos correspondentes ás participacións en que se divida o capital social. O socio afectado pola remoción do seu cargo de administrador non poderá exercer-lo dereito de

a

voto correspondente ás súas participacións sociais, as cales serán deducidas do capital social para o cómputo da maioría de votos esixida.

SECCIÓN 5.^a MODIFICACIÓNS ESTATUTARIAS

Artigo 140. *Modificación de estatutos.*

1. A sociedade Nova Empresa só poderá modificar a súa denominación, respectando o establecido no artigo 131, o seu domicilio social e o seu capital social dentro dos límites máximo e mínimo establecidos no artigo 135.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no suposto previsto no artigo 144.

2. De os socios acordaren aumenta-lo capital social por encima do límite máximo establecido no artigo 135, no dito acordo deberán, así mesmo, establecer se optan pola transformación da sociedade Nova Empresa en calquera outro tipo social ou se continúan as súas operacións en forma de sociedade de responsabilidade limitada, conforme o establecido no artigo 144.

3. En caso de que o socio do que o nome e apelidos figuren na denominación social perda a dita condición, deberá modificarse a denominación de modo que estea formada polo nome e os apelidos dun dos socios.

SECCIÓN 6.^a CONTAS ANUAIS

Artigo 141. *Contabilidade.*

A contabilidade da sociedade Nova Empresa poderá levarse, nos termos que regulamentariamente se determinen, de acordo co principio de simplificación dos rexistros contables de forma que, a través dun único rexistro, se permita o cumprimento das obrigas que o ordenamento xurídico impón en materia de información contable e fiscal.

SECCIÓN 7.^a DISOLUCIÓN E TRANSFORMACIÓN

Artigo 142. *Disolución.*

1. A sociedade Nova Empresa disolverase polas causas establecidas nesta lei e, ademais, polas seguintes:

a) Por consecuencia de perdas que deixen reducido o patrimonio contable a menos da metade do capital social durante polo menos seis meses, a non ser que se restableza o patrimonio contable no dito prazo.

b) Por resultar aplicable á sociedade o réxime das sociedades patrimoniais regulado no capítulo VI do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

2. A disolución requirirá acordo da xunta xeral e será de aplicación o artigo 105 desta lei.

Artigo 143. *Transformación.*

A sociedade Nova Empresa poderá transformarse en sociedade colectiva, sociedade civil, sociedade comanditaria, simple ou por accións, sociedade anónima, sociedade cooperativa, así como en agrupación de interese económico.

Artigo 144. *Continuación de operacións en forma de sociedade de responsabilidade limitada.*

1. A sociedade Nova Empresa poderá continuar as súas operacións en forma de sociedade de responsabilidade limitada, para o cal requirirá acordo da xunta xeral e adaptación dos estatutos sociais da sociedade Nova Empresa ó establecido na sec-

ción 2.^a do capítulo II desta lei. Para a adopción de ámbolos acordos abondará a maioría que establece o artigo 53.1 desta lei.

2. A escritura de adaptación dos estatutos sociais deberá presentarse para inscrición no Rexistro Mercantil no prazo máximo de dous meses desde a adopción do acordo da xunta xeral.»

Segundo.

Engádense seis disposicións adicionais, oitava, novena, décima, undécima, duodécima e décimo terceira, á Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava. *Documento único electrónico (DUE).*

1. O documento único electrónico (DUE) é aquel no que se inclúen tódolos datos referentes á sociedade Nova Empresa que, de acordo coa lexislación aplicable, deben remitirse ós rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de Seguridade Social inherentes ó inicio da súa actividade.

As remisións e recepcións do DUE limitaranse a aqueles datos del que sexan necesarios para a realización dos trámites competencia do organismo correspondente.

Reglamentariamente ou, se é o caso, mediante a celebración dos oportunos convenios entre as administracións públicas competentes, poderán incluírse novos datos no DUE co fin de que poida servir para o cumprimento de trámites, comunicacións e obrigas distintas das anteriores. Así mesmo, regulamentariamente estableceranse as especificacións e condicións para o emprego do DUE para a constitución de calquera forma societaria, así como para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de Seguridade Social inherentes ó inicio da actividade, con pleno respecto ó disposto na normativa substantiva e de publicidade que regula estas formas societarias e tendo en conta a normativa á que se fai mención no punto 6 da disposición adicional novena desta lei.

2. A remisión do DUE farase mediante o emprego de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas de acordo co disposto polas normas aplicables ó emprego de tales técnicas, tendo en conta o previsto nas lexislacións específicas.

3. De conformidade co disposto no punto terceiro do artigo 134, os socios fundadores da sociedade Nova Empresa poderanlle manifestar ó notario, previamente ó outorgamento da escritura de constitución, o seu interese en realizar por si mesmos os trámites e a comunicación dos datos incluídos no DUE ou designar un representante para que o leve a efecto, caso en que non será de aplicación o establecido nesta disposición adicional.

4. O DUE será aprobado polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Economía, logo de informe do ministro de Facenda e dos demais ministerios competentes por razón da materia, e estará dispoñible en tódalas linguas oficiais do Estado español.

5. A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Economía, poderá celebrar convenios de establecemento de puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT) das sociedades Nova Empresa con outras administracións públicas e entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro. Os puntos de asesoramento e inicio de tra-

mitación serán oficinas desde as que se poderá solicita-la reserva de denominación social a que se refire o punto cuarto do artigo 134 e se asesorará e prestarán servizos ós emprendedores, tanto na definición e tramitación administrativa das súas iniciativas empresariais como durante os primeiros anos de actividade delas, e neles deberase iniciar a tramitación do DUE.

Os centros de portelo único empresariais creados ó abeiro do Protocolo do 26 de abril de 1999 mediante os correspondentes instrumentos xurídicos de cooperación con comunidades autónomas e entidades locais poderán realiza-las funcións de orientación, tramitación e asesoramento previstas nesta lei para a creación e o desenvolvemento de sociedades Nova Empresa. Por orde do ministro da Presidencia, por iniciativa conxunta dos ministerios de Economía e de administracións públicas, estableceranse os criterios de incorporación das prescricións tecnolóxicas propias dos puntos de asesoramento e inicio de tramitación ós sistemas de información dos centros de portelo único empresarial.

6. As administracións públicas establecerán para o efecto procedementos electrónicos para realiza-los intercambios de información necesarios.

Disposición adicional novena. *Colaboración social.*

1. As administracións tributarias poderán facer efectiva a colaboración social prevista no artigo 96 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, así como noutras normas que a desenvolvan, na presentación de declaracións, comunicacións ou outros documentos tributarios relacionados coa constitución e inicio da actividade da sociedade Nova Empresa, a través de convenios celebrados co Consello Xeral do Notariado, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, de Bens Móbiles e Mercantís de España e outros colexios profesionais, así como as cámaras de comercio e os puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT).

2. As administracións tributarias tamén poderán prever mecanismos de adhesión ós ditos convenios por parte de notarios, rexistradores mercantís e outros profesionais colexiados co fin de facer efectiva a dita colaboración social.

3. Por orde do ministro de Facenda estableceranse os supostos e as condicións en que as entidades que subscribisen os citados convenios e os notarios, os rexistradores mercantís e outros profesionais colexiados que se adherisen a eles deban presentar por medios telemáticos declaracións, comunicacións ou outros documentos tributarios en representación de terceiras persoas.

4. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais establecerá as canles que permitan efectua-la tramitación telemática na presentación de comunicacións ou outros documentos ante órganos e organismos a el adscritos relacionados coa constitución ou o inicio da actividade da sociedade Nova Empresa, a través de convenios celebrados co Consello Xeral do Notariado, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, de Bens Móbiles e Mercantís de España e outros colexios profesionais.

5. Por orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais estableceranse os supostos e as condicións en que as entidades que subscribisen os citados convenios e os notarios, os rexistradores mercantís e outros profesionais colexiados que se adherisen a eles deban presentar por medios telemáticos, comunicacións e outros documentos en representación de terceiras persoas.

6. Todo o anteriormente previsto nos puntos anteriores o será sen prexuízo da normativa específica relativa á incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na Administración pública e na seguridade xurídica preventiva.

Disposición adicional décima. *Recursos contra a cualificación das escrituras de constitución da sociedade Nova Empresa.*

1. En caso de que o rexistrador mercantil cualificase negativamente a escritura de constitución da sociedade Nova Empresa, será de aplicación o disposto nos artigos 322 a 329 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946, redactados conforme o establecido na normativa introducida na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, salvo o referente ós prazos de resolución, que neste caso serán de 45 días.

2. Por orde do ministro de Xustiza aprobarase un modelo orientativo de estatutos da sociedade Nova Empresa.

Disposición adicional undécima. *Modificación do réxime disciplinario de notarios e rexistradores da propiedade, de bens móbiles e mercantís.*

1. Engádesse unha nova alínea j) ó punto B) do artigo 313 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946, na redacción dada a el polo artigo 101.2 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte contido:

“j) O incumprimento reiterado dos prazos establecidos no artigo 134 da Lei 2/1995, do 13 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.”

2. Engádesse unha nova alínea c) ó punto B), g) do artigo 43. dous, punto segundo, da Lei 14/2000, de 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte contido:

“c) O incumprimento reiterado dos prazos establecidos no artigo 134 da Lei 2/1995, do 13 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.”

Disposición adicional duodécima. *Modelos de contas anuais.*

En canto á formulación e presentación das contas anuais da sociedade Nova Empresa, poderán empregarse os modelos de contas que, para tal efecto, se aproben por orde do ministro de Economía, nos que se terá en conta a reducida dimensión da sociedade a que se refiren.

Disposición adicional décimo terceira. *Medidas fiscais aplicables á sociedade limitada Nova Empresa.*

Un. A Administración tributaria concederá, logo de solicitude dunha sociedade limitada Nova Empresa e sen achega de garantías, o aprazamento da débeda tributaria do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pola modalidade de operacións societarias, derivada da constitución da sociedade durante o prazo dun ano desde a súa constitución.

A Administración tributaria tamén concederá, logo de solicitude dunha sociedade Nova Empresa e sen achega de garantías, o aprazamento das débedas tributarias do imposto sobre sociedades correspondentes ós dous primeiros períodos impositivos concluídos desde a súa constitución. O ingre-

a

so das débedas do primeiro e segundo períodos deberá realizarse ós 12 e seis meses, respectivamente, desde a finalización dos prazos para presenta-la declaración-liquidación correspondente a cada un dos ditos períodos.

Así mesmo, a Administración tributaria poderá conceder, logo de solicitude dunha sociedade Nova Empresa, con achega de garantías ou sen elas, o aprazamento ou fraccionamento das cantidades derivadas de retencións ou ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas que se devenguen no primeiro ano desde a súa constitución.

As cantidades aprazadas ou fraccionadas segundo o disposto neste punto devengarán xuro de demora.

Dous. A sociedade Nova Empresa non terá a obriga de efectua-los pagamentos fraccionados a que se refire o artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, á conta das liquidacións correspondentes ós dous primeiros períodos impositivos concluídos desde a súa constitución.»

Terceiro.

Modifícanse os artigos 29, 32, 40, 97, 101 e 102 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, nos seguintes termos:

1.º Modifícase a alínea c) do punto 2 do artigo 29, que pasa a te-la seguinte redacción:

«c) A sociedade só poderá denega-lo consentimento se lle comunica ó transmitente, por conducto notarial, a identidade dun ou de varios socios ou de terceiros que adquiran a totalidade das participacións. Non será necesaria ningunha comunicación ó transmitente se concorreu á xunta xeral onde se adoptaron os devanditos acordos. Os socios concorrentes á xunta xeral terán preferencia para a adquisición. Se son varios os socios concorrentes interesados en adquirir, distribuiranse as participacións entre todos eles a pro rata da súa participación no capital social.

Cando non sexa posible comunica-la identidade dun ou de varios socios ou de terceiros adquirentes da totalidade das participacións, a xunta xeral poderá acordar que sexa a propia sociedade a que adquira as participacións que ningún socio ou terceiro aceptado pola xunta queira adquirir, conforme o establecido no artigo 40.»

2.º O artigo 32, punto 2, queda redactado así:

«Malia o disposto no punto anterior, os estatutos poderán establecer a favor dos socios sobreviventes e, no seu defecto, a favor da sociedade, un dereito de adquisición das participacións do socio falecido, apreciadas no valor razoable que tivesen o día do falecemento do socio, o prezo das cales se pagará ó contado. A valoración rexerese polo disposto no artigo 100 e o dereito de adquisición terase que exercer no prazo máximo de tres meses contados desde a comunicación á sociedade da adquisición hereditaria.»

3.º Engádese unha nova alínea d) ó artigo 40, punto 1, coa seguinte redacción:

«d) Cando a adquisición fose autorizada pola xunta xeral, se efectúe con cargo a beneficios ou reservas de libre disposición e teña por obxecto:

Adquiri-las participacións dun socio separado ou excluído da sociedade;

Adquiri-las participacións como consecuencia da aplicación dunha cláusula restrictiva da transmisión delas;

Adquiri-las participacións transmitidas “mortis causa”.»

4.º O artigo 40, punto 2, queda redactado así:

«As participacións propias adquiridas pola sociedade deberán ser amortizadas ou alleadas, respectando neste caso o réxime legal e estatutario de transmisión, no prazo de tres anos. O alleamento non poderá efectuarse a un prezo inferior ó valor razoable das participacións, fixado conforme o previsto no artigo 100. Cando a adquisición non comporte devolución de achegas ós socios, a sociedade deberá dotar unha reserva polo importe do valor nominal das participacións amortizadas, a cal será indispoñible ata que transcorran cinco anos contados desde a publicación da redución no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”, salvo que antes do vencemento do dito prazo fosen satisfeitas tódalas débedas sociais contraídas con anterioridade á data en que a redución fose opoñible a terceiros.»

5.º O artigo 97, punto 2, queda redactado conforme o seguinte teor:

«Para a inscrición no Rexistro Mercantil da escritura pública que documente os acordos que orixinan o dereito de separación, e salvo que a xunta xeral que os adoptase autorice a adquisición das participacións dos socios separados conforme o previsto no artigo 40, será necesario que na mesma escritura ou noutra posterior se conteña a redución do capital nos termos do artigo 102 ou a declaración dos administradores de que ningún socio exerceu o dereito de separación dentro do prazo anteriormente establecido.»

6.º O artigo 101 queda redactado da seguinte maneira:

«Dentro dos dous meses seguintes á recepción do informe de valoración, os socios afectados terán o dereito a obter no domicilio social o valor razoable das súas participacións sociais en concepto de prezo das que a sociedade adquire ou de reembolso das que se amortizan. Transcorrido este prazo, os administradores consignarán en entidade de crédito do termo municipal en que radique o domicilio social, a nome dos interesados, a cantidade correspondente ó referido valor.»

7.º Substitúese integramente o artigo 102, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 102. *Escritura pública de redución do capital social ou de adquisición de participacións.*

1. Agás que a xunta xeral, que acordase a exclusión, autorice a adquisición pola sociedade das participacións dos socios afectados, conforme o previsto no artigo 40, efectuado o reembolso das participacións ou consignado o seu importe, os administradores, sen necesidade de acordo específico da xunta xeral, outorgarán inmediatamente escritura pública de redución do capital social, expresando nela as participacións amortizadas, a identidade do socio ou socios afectados, a causa da amortización, a data do reembolso ou da consignación e a cifra a que quedase reducido o capital social.

2. No caso de que, como consecuencia da redución, o capital social descendese por debaixo do mínimo legal, outorgarase, así mesmo, escritura

pública e será de aplicación o disposto no artigo 108, computándose o prazo establecido nese artigo desde a data de reembolso ou da consignación.

3. No suposto de adquisición pola sociedade das participacións dos socios afectados, efectuado o pagamento do prezo ou consignado o seu importe, os administradores, sen necesidade de acordo específico da xunta xeral, outorgarán escritura pública de adquisición de participacións, non sendo preceptivo o concurso dos socios excluídos, e nela expresarán as participacións adquiridas, a identidade do socio ou socios afectados, a causa da exclusión e a data de pagamento ou consignación.»

Cuarto.

Engádense os artigos 40 bis e 40 ter á Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada:

1.º «Artigo 40 bis. *Réxime das participacións propias.*

Mentres permanezan en poder da sociedade adquirente, ás participacións propias ou da sociedade dominante aplicaráselle-las seguintes regras:

a) Quedarán en suspenso tódolos dereitos correspondentes ás participacións propias ou da sociedade dominante.

b) Establecerase unha reserva no pasivo do balance da sociedade adquirente equivalente ó importe das participacións adquiridas, computado no activo, que deberá manterse mentres as participacións non sexan alleadas ou amortizadas.»

2.º «Artigo 40 ter. *Consecuencias da infracción.*

A adquisición de participacións propias ou da sociedade dominante en contravención do disposto nesta sección será nula de pleno dereito.

Se as participacións non fosen alleadas no prazo sinalado, a sociedade deberá acordar inmediatamente a súa amortización e a redución do capital. Se a sociedade omite estas medidas, calquera interesado poderá solicita-la súa adopción pola autoridade xudicial. Os administradores da sociedade adquirente están obrigados a solicita-la adopción xudicial destas medidas cando, polas circunstancias que fosen, non poida lograrse o correspondente acordo de amortización e de redución de capital.»

Quinto.

Incorpórase unha nova sección 5.ª no capítulo IV da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, integrada por un único novo artigo 42 bis:

«SECCIÓN 5.ª DAS PARTICIPACIÓNS SEN VOTO

Artigo 42 bis. *Réxime das participacións sen voto.*

As sociedades limitadas poderán crear participacións sociais sen dereito de voto por un importe nominal non superior á metade do capital social. As participacións sociais sen voto rexeranse, en canto lle sexa aplicable, polo disposto nos artigos 90 a 92 da Lei de sociedades anónimas para as accións sen voto.

Estas participacións estarán sometidas ás normas estatutarias ou supletorias legais sobre transmisión e dereito de asunción preferente.»

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2003, modifícase o punto 4 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Aplicación e interpretación da deducción:

a) Para a aplicación da deducción regulada neste artigo, os suxeitos pasivos poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ou por un organismo adscrito a el, relativo ó cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos esixidos na alínea a) do punto 1 deste artigo para cualifica-las actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na alínea a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación, tendo en conta en ámbolos casos o establecido no punto 3. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

b) O suxeito pasivo poderá presentar consultas sobre a interpretación e aplicación desta deducción, e a súa contestación terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos no artigo 107 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ou por un organismo adscrito a el, relativo ó cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos esixidos na alínea a) do punto 1 deste artigo para cualifica-las actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na alínea a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación tecnolóxica, tendo en conta en ámbolos casos o establecido no punto 3. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

c) Igualmente, para efectos de aplicar esta deducción, o suxeito pasivo poderá solicitar á Administración tributaria a adopción de acordos previos de valoración dos gastos e investimentos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica, conforme o previsto no artigo 9 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos poderán achegar informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ou por un organismo adscrito a el, relativo ó cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos esixidos na alínea a) do punto 1 deste artigo para cualifica-las actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na alínea a) do seu punto 2, para cualificalas como innovación tecnolóxica, tendo en conta en ámbolos casos o establecido no punto 3, así como á identificación dos gastos e investimentos que poidan ser imputados ás ditas actividades. Este informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase o parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 10 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, na súa redacción dada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasa a te-lo seguinte texto:

«Nas comisións de asistencia xurídica gratuíta dependentes da Administración xeral do Estado,

a

os membros que corresponden á Administración pública serán un avogado do Estado e un funcionario, que actuará como secretario, pertencente a corpos ou escalas do grupo A, con destino na xerencia territorial do Ministerio de Xustiza correspondente ou, no seu defecto, un funcionario dos citados corpos ou escalas que preste os seus servicios na delegación ou subdelegación do Goberno do territorio de que se trate.»

Disposición derradeira primeira. Modificacións do Código civil.

Introdúcense as seguintes modificacións no Código civil:

1. Modifícase o artigo 1056, parágrafo segundo, que pasa a te-la seguinte redacción:

«O testador que en atención á conservación da empresa ou en interese da súa familia queira preservar indivisa unha explotación económica ou ben mante-lo control dunha sociedade de capital ou grupo destas poderá usar da facultade concedida neste artigo, dispoñendo que se pague en metálico a súa lexítima ós demais interesados. Para tal efecto, non será necesario que exista metálico suficiente na herdanza para o pagamento, sendo posible realiza-lo aboamento con efectivo extrahereditario e que o testador ou o contador designado por el establezan un aprazamento, sempre que este non supere cinco anos contados desde o falecemento do testador; poderá ser tamén de aplicación calquera outro medio de extinción das obrigas. Se non se establece a forma de pagamento, calquera lexitimario poderá esixi-la súa lexítima en bens da herdanza. Non será de aplicación á partición así realizada o disposto no artigo 843 e no parágrafo primeiro do artigo 844.»

2. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 1271 nos seguintes termos:

«Sobre a herdanza futura non se poderá, sen embargo, celebrar outros contratos ca aqueles que teñan por obxecto practicar entre vivos a división dun caudal e outras disposicións particionais, conforme o disposto no artigo 1056.»

3. Modifícase o artigo 1406.2.º nos seguintes termos:

«2.º A explotación económica que xestione efectivamente.»

Disposición derradeira segunda. Habilitacións regulamentarias.

1. Sen prexuízo das habilitacións que esta lei confire a outros órganos, habilitase o Goberno para o desenvolvemento regulamentario do disposto nela.

2. O Goberno, regulamentariamente, poderá modificar e desenvolve-lo disposto nos puntos 5 e 10 do

artigo 134 en relación coa tramitación, o procedemento de asignación e a forma de remisión do NIF para a sociedade Nova Empresa.

3. Regulamentariamente estableceranse as condicións, forma e requisitos para a publicidade dos protocolos familiares, así como, se é o caso, o acceso ó Rexistro Mercantil das escrituras públicas que conteñan cláusulas susceptibles de inscrición.

Disposición derradeira terceira. Informe sobre a aplicación da lei.

O Ministerio de Economía elaborará un informe no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor desta norma, relativo á repercusión e incidencias producidas pola aplicación dela.

Disposición derradeira cuarta. Fundamento constitucional.

Esta lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ós dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6596 *CORRECCIÓN de errata e erro no Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ó uso de disolventes en determinadas actividades. («BOE» 79, do 2-4-2003.)*

Advertidos erro e errata no Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ó uso de disolventes en determinadas actividades, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 33, do 7 de febreiro de 2003, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Nas páxinas 654 e 655, no anexo II A), Limiars de consumo e límites de emisión, as filas 14 «Fabricación de calzado» e 15 «Laminación de madeira e plástico», deben substituírse polas seguintes:

14	Fabricación de calzado (>5).			25 g por par	Os valores límite de emisión total exprésanse en gramos de disolvente emitido por par completo de calzado producido.
15	Laminación de madeira e plástico (>5).			30 g/m ²	

Na páxina 650, artigo 5, número 4, liña 3, onde di: «... que teñan asignada unha frase de risco deberán substituílos...», debería dicir «... que teñan asignada unha frase de risco R45, R46, R49, R60 ou R61 deberán substituílos...».